



ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

CONCELLO DE BRIÓN

Curso 2008-2009

INFORMACIÓN ACADÉMICA

A formación académica da Escola Municipal de Brión para o curso 2008-2009, ven recollida baixos os parámetros da *Orde do 12 de Marzo de 1993* no marco dunha formación clásica. Os ámbitos educativos principiais son os seguintes:

Música e Movemento

Música e movemento e a signatura troncal no Nivel I do organigrama educativo da Escola de Música. Seguindo unha pedagogía musical especializada se artellan en dous ciclos de dous anos cada un estruturados da seguinte maneira:

- 1º Música e Movemento: nenos e nenas nados no ano 2004.
- 2º Música e Movemento: nenos e nenas nados no ano 2003.
- 3º Música e Movemento: nenos e nenas nados no ano 2002.
- 4º Música e Movemento: nenos e nenas nados no ano 2001.



Primeiro Ciclo. *Iniciación Musical*



Segundo Ciclo. *Formación Básica*

Ademáis neste curso ofertarase coma asignatura obrigatoria Pre-Conxunto Coral:

- Pre-Conxunto Coral I. Alumnos/as que cursen Música e Movemento de 1º e 2º.
- Pre-Conxunto Coral II. Alumnos/as que cursen Música e Movemento de 3º e 4º.

Formación Complementaria

Dentro da sección de formación complementaria a Escola Municipal de Música ofrece coma asignatura troncal linguaxe musical para alumnos a partir de 8 anos, novos e adultos. Para os nenos é a continuación natural de todo o anterior. Proporciona ó alumnado a “alfabetización” musical para que poda ler e escribir música de forma fluída. Indispensable para abordar o estudio dun instrumento clásico e o seu estudio realizase simultaneamente ó do instrumento.

Ademáis neste curso 2008/2009 o centro oferta coma asignatura obrigatoria a materia de conxunto coral:

- Conxunto Coral I. Alumnos/as entre 8 e 12 anos.
- Conxunto Coral II. Alumnos/as entre 13 e 18 anos.
- Conxunto Coral. Alumnos do plan PEA (Plan Educativo de adultos).

Práctica Instrumental

Os estudos instrumentais comencan ós 8 anos e se realizan de forma paralela a formación complementaria. A oferta de especialidades instrumentais que se imparten son as seguintes: Piano, Guitarra, Trompeta/Fliscorno, Tuba/Bombardino, Trombón, Trompa, Clarinete, Saxofón, Frauta Travesa.

Actividades de Conxunto

No vindeiro curso 2008/2009 arranca cunha nova asignatura incorporada ó sistema educativo. Trátase de *música de cámara* e está orientado a tódolos alumnos/as matriculados en especialidades de: vento-metal, vento-madeira e guitarra. Constitúe o eixo principal da actividade do Centro xa que suporá que estas clases de conxunto, na súa evolución, poden dar orixe a novas agrupacións estables que poderán, co tempo, adquirir autonomía e identidade propias, enriquecendo a actividade cultural de Brión e dotando á poboación de novas alternativas de ocio e creación artística.

PEX. Plan Educativo Xeral

A Escola Municipal de Música de Brión contempla tres niveis formativos diferenciados e outros niveis formativos paralelos ó sistema educativo no plan educativo xeral (PEX). Como calquera outro centro educativo establécese unha progresión entre os distintos niveis formativos, materias, asignaturas, tempos lectivos, etc.

Nivel I

Este nivel formativo é un acercamento á música, natural e progresivo, desenvolvéndose no marco da infancia. Etapa denominada “despertar dos sentidos”, coménzase a traballar nos nenos de forma intuitiva e fantasiosa todas aquelas facultades que intervirán máis tarde nas súas aprendizaxes artísticas e musicais: oído, voz, psicomotricidade, memoria musical, etc.

Nivel II

Nesta etapa o alumno desenrola enormemente as súas capacidades tanto físicas coma intelectuais. Iso permitirá un desenrolo de tódolos ámbitos, e, consecuentemente, nas súas destrezas musicais. Así, neste segundo nivel formativo caracterízase polo desenrolo das facultades musicais que comenzaron a despertar na etapa anterior, á vez que aumentan as capacidades expresivas e se profundiza no coñecemento da música e dos elementos da súa linguaxe. Pódese dicir polo tanto que o Nivel II, é a progresión lóxica á cal conduce o Nivel I.

Nivel III

O alumnado que conclúa a etapa anterior, Nivel II, consolidou xa a base dunha formación que lle permite agora profundizar nas súas destrezas musicais. Desta forma, a medida que se vaia avanzando nesta nova etapa, experimentará retos artísticos cada vez máis complexos, pero tamén máis emocionantes, e todo elo suporá una fonte de enriquecemento personal e de ampliación de recursos que o encamiñarán progresivamente cara certa autonomía artística cando remata o Nivel III.

Outros Ámbitos educativos

Outros niveis educativos dentro da Escola Municipal de Música de Brión, son os cursos de acceso, cursos de reforzamento e os cursos de mantemento.

- **Cursos de Acceso:** para acceder ó sistema educativo da Escola de Música. A partir de 9 anos.
- **Cursos de Reforzamento:** para acceder ó sistema regrado dos Conservatorios.
- **Cursos de Mantemento:** alumnos que rematasen o Nivel III e queiran seguir perfeccionando a súa técnica no instrumento.

PEA. Plan Educativo Adultos

O Plan Educativo de Adultos (PEA), é un plan paralelo ó Plan Educativo Xeral (PEX). Diferenciase unicamente na idade de comenzo dos estudos musicais. Mentras que no PEX está destinado para alumnos que comencan ós 4 anos de idade, no PEA os alumnos comencan a súa actividade musical a partir dos 16 anos. Desta forma inténtase abarcar tódolos segmentos de idade sen ningún tipo de discriminación, e, que a formación musical, chegue a tódolos veciños de Brión que sentan algún tipo de inquedaanza pola aprendizaxe dun instrumento musical.

OBRADOIROS

Os obradoiros son actividades que se realizan fóra do Plan Educativo e coa finalidade de intentar achegar á Escola, alumnos que teñan algún tipo de inquedaanza musical. Para o curso 2008/2009 se oferta o seguinte obradoiro:

- **Obradoiro Pre-Iniciación Musical.** Para nenos e nenas nados no ano 2005.

| Conservatorio de Grao Medio | |
|-----------------------------|------|
| 6° | |
| 5° | P.A. |
| 4° | P.A. |
| 3° | P.A. |
| 2° | P.A. |
| 1° | P.A. |

| |
|------------------------|
| 6° NIVEL III REFORZADO |
| 5° NIVEL III REFORZADO |
| 4° NIVEL III REFORZADO |
| 3° NIVEL III REFORZADO |
| 2° NIVEL III REFORZADO |
| 1° NIVEL III REFORZADO |

| NIVEL II | |
|-----------------------|--|
| 5° NIVEL II REFORZADO | |
| 4° NIVEL II REFORZADO | |

N
I
V
E
L

I
I
I

| NIVEL III | |
|-----------|---------|
| 6° | 18 anos |
| 5° | 17 anos |
| 4° | 16 anos |
| 3° | 15 anos |
| 2° | 14 anos |
| 1° | 13 anos |

N
I
V
E
L

I
I

| NIVEL II | |
|----------|---------|
| 5° | 12 anos |
| 4° | 11 anos |
| 3° | 10 anos |
| 2° | 9 anos |
| 1° | 8 anos |

N
I
V
E
L

I

| NIVEL I | |
|---------|--------|
| 4° | 7 anos |
| 3° | 6 anos |
| 2° | 5 anos |
| 1° | 4 anos |

Opcións Musicais de mantemento

| |
|-----------------|
| Curso Acceso 3° |
| Curso Acceso 2° |
| Curso Acceso 1° |

P.A.: Proba Acceso

* A partir de 9 anos e adultos

INFORMACIÓN SOBRE A MATRÍCULA

A matrícula tramitaráse nas dependencias da Escola de Música nos horarios establecidos.

As clases na Escola Municipal de Música de Brión son totalmente gratuítas agás a matrícula anual.

Os prezos da matrícula anual son: 40€ (PEX), 60€ (PEA) e 40€ (Obradoiro Pre-Iniciación Musical).

A matrícula na Escola Municipal de Música de Brión só a poderán cursar alumnos e alumnas empadroados no Concello de Brión.

Os alumnos do curso pasado disporán da mesma praza que ocuparon o curso anterior. No caso de que o alumno solicite a matrícula nunha especialidade diferente á realizada o curso 2007-2008 admitirásese por riguroso orde de inscrición.

Para os alumnos que se matriculan por primeira vez as solicitudes admitirásese en función das prazas vacantes e por riguroso orde de inscrición. No caso de non poder contar cunha praza ó inicio do curso quedarán en lista de espera.

Os documentos necesarios que se deberán presentar coa solicitude de matrícula serán os seguintes: fotocopia do DNI ou fotocopia do libro de familia. Ademais deberáse entregar unha foto tamaño carné. A matrícula non será válida sen esta documentación.

FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA E ADMISIÓN

- **Matriculación de alumnos antigos e novos:** dende o 23 de xuño ata 11 de xullo en horario de 10 a 13 horas nas dependencias do centro.
- **Probas de acceso ó sistema educativo da Escola de Música:** 4 de setembro en horario concertado pola xefatura do centro. Alumnos que proveñan doutros centros educativos.
- **Convalidación de asignaturas:** Alumnos que cursen ou cursaron matrícula no Conservatorio poderán facer a correspondente convalidación de asignaturas de maneira optativa.
- **Elección de horario de instrumento co profesor en horario de 10 a 13 horas no centro:**

| ESPECIALIDADES | Alumnos Antigos | Alumnos Novos |
|------------------------|--------------------|--------------------------|
| Tódalas Especialidades | Martes, 9 setembro | Mércores, 10 de setembro |

- **Pago das taxas anuais:** as taxas se pagarán do 15 ó 30 de setembro en horario de tarde.
- **Publicación do listado de admitidos e horarios de asignaturas colectivas:** na semana do 8 ó 12 de setembro nas dependencias da Escola de Música e na Casa da Cultura.

COMENZO DAS CLASES E TEMPOS LECTIVOS

O clases na Escola Municipal de Música de Brión comenazarán o **15 de setembro**. As clases colectivas terán un horario fixado pola Xefatura de Estudos da Escola, mentras que a clase de instrumento serán escollidas co profesor de instrumento o día sinalado para tal efecto. Os tempos lectivos para o curso 2008-2009 serán os seguintes por especialidades:

- **Música e Movemento:** unha sesión semanal dunha hora.
- **Pre-Conxunto Coral I e II:** unha sesión semanal dunha hora de duración.
- **Linguaxe Musical (PEX):** dúas sesións semanais dunha hora de duración.
- **Linguaxe Musical (PEA):** unha sesión semanal dunha hora de duración.
- **Conxunto Coral I e II:** unha sesión semanal de 40 minutos de duración.
- **Conxunto Coral (PEA):** unha sesión semanal dunha hora de duración.
- **Instrumento:** unha sesión individual e semanal de media hora para tódolos niveis.
- **Música de Cámara:** unha sesión mensual dunha hora de duración.
- **Obradoiro Pre-Iniciación Musical:** unha sesión semanal dunha hora de duración.